




## Dóbranse no 2008 as axudas á investigación

**I+D+i | 7** | Os 3,2 millóns de euros destinados á investigación pola Consellería de Innovación e Industria no 2007 converteranse no 2008 en 7 millóns para consolidar as unidades máis competitivas.



VÍCTOR MEJUTO

Os investimentos prevén iniciativas para a mellora de escenarios naturais como as illas Atlánticas

## Sete millóns de euros destinados á consolidación da investigación

A Consellería de Innovación e Industria duplica as axudas conseguidas no ano anterior (3,2 millóns de euros) ■ O obxectivo consiste na estabilización dos grupos de I+D+i ■ O Instituto Español de Oceanografía ou o sistema universitario de Galicia, algúns dos beneficiados

**S. Amil / I. Tomé**  
■ Grupos fortes, interdisciplinares, especializados e que poidan elevar a Galicia á cabeza do desenvolvemento. Ese é o obxectivo da Consellería de Innovación e Industria, que convocou no *Diario Oficial de Galicia* nos pasados días unha serie de axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+i, renovando as que foron concedidas no 2007.

Esta liña de axudas dirixese a tódolos grupos existentes dentro do ámbito da investigación. A súa actividade consiste en clasificar a localización dirixida a cada unha das estruturas, permitindo combinar expertos de distintas disciplinas e, o mesmo tempo, ampliar o campo de acción.

Há xa un ano da primeira vez que se publicaron este tipo de axudas. Agora, estas se duplican ata chegar á máis de sete millóns de euros. Estase ante unha inversión por partida dobre. Por unha parte, a nova adxudicación e, por outra, a renovación das xa concedidas (que estará vixente ata o 2010). Tamén poderase renovar segundo o cumprimento dos obxectivos marcados en cada convocatoria.

O orzamento do que se dispón actualmente sitúase entón aos 7.069.000 euros (frente aos 3,2 millóns de euros do ano anterior), cofinanciado con fondos do Feder e FCI. Desta inversión, reservárase unha

■ **As axudas consisten na mellora das estruturas e dos grupos de investigación**

■ **A produtividade científica ou a boa formación do grupo, requisitos para a concesión dos fondos**

cantidade específica segundo ao grupo e a actividade a que vaia destinada. Ambas axudas, as de 2007 e 2008, terán vixencia ata o 2010 e renovarásen sempre que os obxectivos se cumpran.

Dende o sistema universitario de Galicia, ata o Instituto Español de Oceanografía e pasando polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas, as axudas impulsadas por Fernando Blanco, conselleiro de Innovación e Industria, planean unha mellora considerable nestes campos.

Os contratos programa son, neste caso, a fórmula empregada para a adxudicación das subvencións que teñen, como fin último, a cohesión dos grupos de investigación; o que garante a maior calidade no resultado.

Os beneficiarios destas

axudas variarán segundo a modalidade á que pertencen. En primeiro lugar, sitúanse os grupos de Investigación do sistema universitario de Galicia, do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e do Instituto Español de Oceanografía. Este último, orienta as súas investigacións en tres ámbitos: o medio ambiente mariño e protección ambiental, a acuicultura e as pesquerías. Según explica o Instituto, estes proxectos axudarán a perseguir un fin moi concreto: o respecto e a mellora na protección dos océanos.

As axudas chegarán tamén ao Sistema Sanitario Galego e ao Centro de Innovación e Tecnoloxía, organismos que realizan un traballo puntero no sector.

Á hora de valorar a cada grupo, teranse en conta unha serie de parámetros para a concesión das axudas, coma o número de doutores, a produtividade científica o a composición do grupo de investigación. Se trata de medidas reguladoras que compensarán as realizadas no 2007 segundo os resultados obtidos no exercicio económico.

Os sete millóns de euros destinados á estruturación e a consolidación de grupos de investigación van encamiñados á estabilización dos conxuntos de maior dimensión; unha tarefa que xuntará propostas e traballos que poderán facer que Galicia avance cun paso máis decidido polos fortes camiños da investigación.



CÉSAR QUIJÁN

A sanidade tamén recibirá axudas para a investigación

### PRECEDENTES

O investimento nos gastos de persoal, clave de éxito no campo da investigación

■ A xestión punteira no coñecemento representa o motor do cambio da sociedade. Por iso, a Consellería de Innovación e Industria aposta por subvencionar os custos de persoal investigador e de apoio; os verdadeiros alicerces do progreso.

A importancia dos grupos de investigación, deste xeito, xorde principalmente pola mestura dun amplo e diferenciado grupo de expertos que agora, coa subvención da Consellería, contará con máis material ao seu alcance.

Equipamentos, obras bibliográficas e mobiliario serán algunhas das ampliacións que permitirá a axuda.

Estes investigadores, nados principalmente nas universidades, encárganse de xerar proxectos cara o desenvolvemento da industria en diferentes eixos; unha actividade complicada pero que, grazas a axuda dos fondos e dun persoal dotado, posibilitase.

As cifras aumentan, o que da conta de cos resultados obtidos nos anos anteriores foron positivos e que, nin máquina nin tecnoloxía algunha pode suplir o papel cume dunha persoa cualificada e formada para desenrolar dita función.

### Claves

#### Obxectivo

■ Estabilizar grupos interdisciplinares e especializados para garantir a calidade dos resultados, ampliar os grupos e contar con expertos de diferentes sectores para posibilitar unha boa consolidación.

#### Prazos

■ A presentación da solicitude remata o vindeiro 11 de agosto do 2008.

#### Contacto

■ A documentación necesaria a presentar atópase dispoñible en:  
[www.conselleriaind.org/dxidi](http://www.conselleriaind.org/dxidi)  
Para máis información  
[info.pxi@xunta.es](mailto:info.pxi@xunta.es)

#### Ano do Planeta Terra

■ Este 2008 é o ano do Planeta Terra, que ben podería chamarse «Planeta Auga». Moitas destas axudas perseguen o valioso obxectivo de cooidar o noso planeta e, como non, os nosos mares.